

Luns, 10 de febreiro de 2025

Núm. 27

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Subvencións e axudas

*EXTRACTO DA APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E AS BASES DE SUBVENCIÓN
DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA ACTUACIÓNS NO ÁMBITO
SOCIAL EN 2025*

BDNS(Identif.):813138

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/813138>)

1. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento e aprobar a convocatoria para a concesión de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para actividades e proxectos de índole social que se desenvolvan na provincia de Pontevedra durante o exercicio de 2025, dirixidos a colectivos que, polas súas circunstancias persoais, psíquicas, físicas, socioeconómicas ou de natureza análoga, se atopen en situación de desvantaxe e vulnerabilidade social.

2. Financiamento, contías e límites

2.1. A contía prevista para esta convocatoria de subvencións, con cargo á aplicación 25/231.2313.480.02 do Orzamento xeral da Deputación para o ano 2025, ascende a cincocentos mil (500.000,00) euros, que representa o máximo de obrigas que se poden adquirir con cargo a esta convocatoria.

2.2. Só se concederá unha subvención por entidade. O importe máximo da subvención para cada actuación non poderá exceder o 80 % do seu orzamento nin a cantidade de sete mil (7.000,00) euros.

3. Principios reguladores

A xestión e a concesión destas axudas realizaranse mediante o procedemento de concorrencia competitiva, segundo os criterios previstos na base décimo segunda e de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.
- c) Eficiencia na asignación de efectivos e no uso de recursos públicos.



Luns, 10 de febreiro de 2025

Núm. 27

4. Compatibilidade e incompatibilidade das subvencións

Estas axudas serán compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais; en ningún caso a contía total das subvencións poderá superar o custo real da actividade subvencionada.

Para estes efectos, en canto se teña coñecemento da obtención doutras subvencións para a mesma actividade, a entidade beneficiaria deberá comunicarllo á Deputación de Pontevedra e, nese caso, o importe da subvención será obxecto da minoración que corresponda.

As subvencións ás que se refire esta convocatoria son incompatibles coa percepción de subvencións de concesión directa do Servizo de Benestar Social contempladas no Orzamento desta institución para o exercicio de 2025 e con outras axudas concedidas por outros servizos da Deputación de Pontevedra para a mesma finalidade no mesmo exercicio.

5. Entidades beneficiarias

Poderán solicitar estas axudas as entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que cumpran os seguintes requisitos:

- Ter a sede social ou unha delegación permanente na provincia de Pontevedra. Entenderase por “delegación permanente” aquela que conte con persoal permanente da organización e local fixo onde realicen as súas actividades.
- Estar inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Xunta de Galicia, regulado no Decreto 254/2011, de 23 de decembro. En caso de que a información que conste neste rexistro non estivese actualizada, a entidade solicitante deberá comunicalo e achegar a información necesaria.
- Carecer de fins de lucro e ter finalidades coincidentes co obxecto da subvención, segundo os seus estatutos.
- Estar ao corrente de pago no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.
- Non incorrer en ningunha das prohibicións previstas na LXS nin estar incluídas nos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.

6. Presentación de solicitudes e prazo

6.1. As solicitudes e a documentación complementaria presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do procedemento específico dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal/web/public/catalog-detail/64849178>), de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).



Luns, 10 de febreiro de 2025

Núm. 27

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

6.2. O prazo para a presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación das bases e do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e na BDNS.

7. Réxime xurídico

As subvencións rexeranse por estas bases reguladoras. Supletoriamente, aplicarase o disposto na LXS; na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra; nas bases de execución do Orzamento vixente da Deputación de Pontevedra; e na demais normativa aplicable.

Así mesmo, rexeranse pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, pola LPACAP e polas demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto, polas de dereito privado.

8. Outros datos de interese

- Gastos subvencionables: aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, segundo o recollido na base quinta.
- Documentación complementaria: a establecida na base décima. A non presentación do proxecto constituirá un defecto non emendable e a solicitude non se admitirá a trámite ao ter este carácter esencial para a tramitación das solicitudes.
- Criterios de valoración: os establecidos na base décimo segunda da convocatoria.
- Compatibilidade: si.
- As subvencións ás que se refire esta convocatoria son incompatibles coa percepción de subvencións de concesión directa do Servizo de Benestar Social contempladas no Orzamento desta institución para o exercicio de 2025 e con outras axudas concedidas por outros servizos da Deputación de Pontevedra para a mesma finalidade no mesmo exercicio.
- Forma de xustificación: mediante a documentación requirida na base décimo sétima da convocatoria.
- Forma de pagamento: transferencia.
- Prazo máximo de xustificación: ata o 31 de xaneiro de 2026 (este incluído).

Pontevedra, 06/02/2025

O presidente, Luis López Diéguez

